

autismoGALICIA

POLITICA
DE COMPRAS
E
PROVEDORES

Federación AUTISMO GALICIA

AG

DATA DE APROBACIÓN: 13/12/2021

ORGANO DE APROBACIÓN: Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia.

PROPÓSITO.

O Obxectivo desta política á garantir a calidade dos servizos prestados pola Federación Autismo Galicia atendendo ao compromiso coas súas partes interesadas, asegurar a transparencia e imparcialidade nos procesos de comprar e contratar servizos, en base a criterios obxectivos e en liña cunha xestión rigorosa e eficiente.

O noso fin de velar polo bo goberno e a transparencia, principios básicos que rexen a nosa xestión interna, se reflicte no noso compromiso organizacional de:

1. Definir e homoxeneizar os procesos de contratación de bens e servizos, dotando para isto criterios de selección, obxectivos e medibles que orienten á toma de decisións. Así como definindo os roles e responsabilidades das persoas involucradas.
2. Asegurar que os provedores seleccionados están aliñados cos principios e valores da nosa organización, así como cos nosos estándares éticos.

PRINCIPIOS XERAIS:

1. Coherencia: cos criterios éticos, principios e valores da Federación Autismo Galicia.
2. Excelencia: a Federación actuará con rigor e eficiencia na aplicación dos recursos.
3. Imparcialidade: a Federación Autismo Galicia porá todos os recursos dispoñibles para xestionar obxectivamente as contratacións de bens e servizos, definindo a tal fin unha batería de criterios de selección, obxectivos e medibles, ofrecendo garantía da segregación de funcións de persoas involucradas durante o proceso, co fin de previr a existencia de conflitos de interese.
4. Transparencia: difundindo a presente política.

AMBITO DE APLICACIÓN:

Se estende a todos os procesos de contratación de bens e servizos realizados pola Federación Autismo Galicia, independentemente da súa fonte de financiación. No caso de que esta proveña dunha financiación pública e/ou privada, primarán os principios e criterios que sexan máis restritivos.

DEFINICIÓN.

Bens e servizos:

A efectos desta política

- Se entende por “bens” os items, artigos ou dereitos que poden ser obxecto de comercio prestan algunha utilidade, podendo ser mobles ou inmobles.
- Se entende por “servizos” aquelas actividades identificables e intanxibles que son obxecto dunha transacción comercial para o cumprimento dun fin ou necesidade.

Provedores:

- Provedores de servizos permanentes: son aqueles que incorren en gastos estruturais e que son obrigatorios independentemente das actividades que desenvolva a Federación (teléfono, electricidade, auga, lixo, comunidade, limpeza, material oficina, asesores, etc).
- Provedores de servizos non permanentes: son aqueles que se realizan de maneira puntual e vinculados sempre a unha actividade (gastos de viaxe, imprenta, gravación e edición de vídeos, organización de eventos, etc).
- Provedores contratados vinculados a actividade: Son os que se contratan para a prestación dun servizo concreto, para unha actividade externalizada e suxeita á normativa de contratación pública e á internamente aprobada. No caso de que a actividade estea no marco dun proxecto financiado con fondos públicos, deberá estar suxeito á normativa de subvencións, ás bases reguladoras e manual de xustificación.

PRINCIPIOS BÁSICOS:

1. Transparencia: os procesos de compra deben realizarse de maneira aberta, fomentando a libre competencia de maneira que sempre os potenciais provedores teñan as mesmas oportunidades.
2. Valorar tecnicamente as propostas e facer unha avaliación de provedores: valorando a calidade do servizo ofrecido a partir da pericia técnica que achega e non só o prezo, evitando baixadas de prezo temerarias. Para garantir o cumprimento deste principio a Federación Autismo Galicia realiza unha avaliación de provedores periodicamente (con avaliación interna e referencias externas) e da maior valoración técnica das propostas recibidas para contratacións superiores a 15.000 euros.
3. Proporcionalidade: os procesos de compra deben incluír elementos de control baseados en niveis de gasto, por riba dos que se deben realizar procesos competitivos que dean garantía de mellor calidade – prezo.

En coherencia con este principio a Federación Autismo Galicia ten establecidos diferentes niveis de autorización para a aprobación de gastos:

- Gastos inferiores a 1.000 euros requiren a aprobación da persoa coordinadora do proxecto e/ou de administración, cun límite de 6.000 euros anuais.
- Gastos comprendidos entre 1.000 e 6.000 euros aprobación pola persoa coordinadora de proxecto e/ou administración, coa firma mancomunada de Dirección
- 10.000 euros requiren a autorización da Dirección.
- Gastos superiores a 10.000 euros requiren a aprobación da Xunta Directiva.

Así, a xestión das ofertas e das futuras contratacións variará segundo o rango de prezos coa finalidade de simplificar os procesos que impliquen un importe menor e asegurar a calidade e a transparencia en casos de maior importe económico.

Conceptos	Ata 1.000 euros	Entre 1.000 e 6.000 euros	Entre 6.000 e 10.000 euros	Superior a 10.000
Ofertas a solicitar	Unha oferta	Unha oferta, aínda que se recomenda solicitar polo menos tres	Tres ofertas en concorrencia competitiva a non ser que o servizo só o poida prestar un provedor concreto	Tres ofertas en resposta ao envío dun prego con cláusulas económicas, administrativas e técnicas. Se valorará a oferta con mellor relación calidade prezo
Contrato	Non require agás para o caso de prestación de servizos da FAG.	Non require agás para o caso de prestación de servizos da FAG.	A partir de 6.000 euros, usando o modelo destinado a tal fin, a non ser que o provedor impoña outro modelo, pero que en ningún caso deben conter cláusulas que contradigan as políticas da organización	É necesario usando o modelo destinado a tal fin.
Aprobación do gasto.	Coordinación de proxectos e/ou administración	Firma mancomunada de Coordinación de Proxectos e/ou administración e Dirección	Aprobación de Dirección	Aprobación de Xunta Directiva

4. Igualdade de oportunidades: os procesos de compra deben avaliar os potenciais provedores sobre as mesmas bases e criterios, de maneira imparcial e independente, evitando os conflitos de interese, así como calquera tipo de corrupción ou suborno. En cumprimento deste principio, se incluírá en todos os contratos e nos pregos de licitación, unha cláusula de conflito de interese para rexeitar vínculos con persoas ou organizacións que poidan supoñer un trato de favor.
5. No caso de servizos relacionados coas persoas con TEA: se porá en especial valor o coñecemento, a especialización e a especificidade do servizo solicitado.

6. No procedemento de selección, homologación e avaliación de provedores toma en consideración a adhesión a estándares internacionais para o cumprimento de compromisos de orde éticos, social e ambiental. Igualmente existirá un criterio de preferencia a favor de empresas que empregan a persoas con discapacidade e cumpran coa Lei Xeral dos Dereitos das persoas con Discapacidade e a súa Inclusión Social. Dito criterio de preferencia se aplica igualmente a empresas que desenvolvan actuacións en materia de accesibilidade universal e deseño para todos a nivel de contornas físicos e/ou virtuais, ou desenvolven produtos e servizos accesibles.
7. Legalidade: os procesos de compra deben ofrecer garantía de cumprimento estrito do marco regulador como das condicións postas ou pactadas pola entidade ou institución donante.
8. Burocracia mínima: os procesos de compra non deben xerar elementos burocráticos que deban ser prescindibles.

REQUISITOS PARA A APLICACIÓN DA POLÍTICA.

A Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia será a responsable última de velar e avaliar o cumprimento desta política.

Esta Política foi aprobada na reunión de Xunta Directiva do día 13 de decembro de 2021.

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

